

OURENSE - BARRIO A BARRIO - A PONTE

Francisco Rodríguez, un veciño de A Ponte para a Alcaldía de Ourense

O candidato socialista comprométese a impulsar unha transformación histórica no barrio, que será o centro estratéxico da Alta Velocidade Ferroviaria en Galicia

O vindeiro 27 de maio, un pontino pode ser alcalde de Ourense. Francisco Rodríguez, veciño de A Ponte “de toda a vida” é o candidato do Partido Socialista á Alcaldía de Ourense, un partido que ten a súa sede en A Ponte e que entre as súas prioridades políticas atópanse a **modernización** e o **desenvolvemento** dos barrios de Ourense. Francisco Rodríguez sempre defendeu os barrios fronte á política de



Francisco Rodríguez conversa cun veciño de A Ponte

olvido e discriminación practicada polo PP nos 12 anos que leva no Goberno Municipal. Como pontino, Francisco Rodríguez sempre aspirou a facer dos barrios de Ourense, un motor de progreso social, económico e urbanístico. Como futuro Alcalde, Francisco Rodríguez, está decidido a **impulsar unha transformación definitiva do que xa é o barrio máis importante da cidade e gañar a oportunidade histórica** que significa a chegada do AVE.



A PONTE, MOTOR DA CONSTRUCIÓN DO “GRAN OURENSE”

O Partido Socialista, consciente de que a chegada do Tren de Alta Velocidade e a súa integración ordeada na trama urbana da cidade é o máis importante reto colectivo para Ourense nos vindeiros 50 anos, fai deste feito histórico unha das **prioridades dentro do seu proxecto de goberno**. Dende o Concello de Ourense, os socialistas abrirán un período de colaboración institucional intensa e leal, tanto coa Xunta de Galicia como co Goberno de España, para converter

a chegada da Alta Velocidade Ferroviaria a Ourense nun **proxecto colectivo estratéxico**, avalado polo máis amplo consenso social e político, que permita aproveitar tódalas oportunidades de futuro que representa para Ourense esta moderna infraestrutura de transporte. E será o barrio de A Ponte o eixo sobre o que se artele a construción do “**Gran Ourense**”, vertebrado en torno ó futuro nodo de comunicacións ferroviarias de Galicia da Estación Empalme.



EMPALME, ESTACIÓN CENTRAL DE GALICIA

O futuro Goberno Municipal Socialista de Ourense, traballando conxuntamente co Goberno Central e a Xunta, asegurará un proxecto de Alta Velocidade que convirta a Ourense en centro de comunicacións, e á Estación Empalme de A Ponte na **Estación Central da Alta Velocidade en Galicia**, recollendo as seguintes actuacións:

- A **Estación Ourense-Empalme** será transformada en nodo central de comunicacións

entre Galicia, a Meseta e o Norte de Portugal.

- A futura Estación construírse como un **Intercambiador Modal de Transportes** para autobuses urbanos e discretionais, taxis e vehículos privados.
- Un **Plan Especial da Estación** deseñará un proxecto urbanístico da zona, a fin de ordear a construción de vivendas, servizos, equipamentos hoteleiros, comerciais e sociais, zonas verdes e peonías, e accesos do conxunto.



OURENSE - BARRIO A BARRIO - A PONTE

Un equipo cualificado e comprometido acompañará a Francisco Rodríguez no futuro Goberno de Ourense

O PSdeG-PSOE aposta pola renovación e a incorporación de mulleres no primeiros postos da súa lista

A Executiva Municipal do PSdeG-PSOE en Ourense, e a Asamblexa Xeral aprobaron por unanimidade e aclamación a candidatura proposta polo secretario xeral e candidato á alcaldía, Francisco Rodríguez, para as eleccións municipais en Ourense do vindeiro mes de maio.

Esta lista aposta pola **paridade**, pero tamén é a vez unha candidatura de **renovación** e **continuidade**, pois conta cun 45% de novas incorporacións, entre elas con de candidatos independentes. Con este feito a xestión de Francisco Rodríguez coma secretario xeral do PSdeG-PSOE en Ourense sae fortalecida, e conta coas mellores garantías de cara as eleccións municipais. A presentación da nova candidatura deixou fora a varios concelleiros os que Francisco Rodríguez agradeceu públicamente "ós compañeiros e compañeiras que saen da candidatura para facilitar a renovación imprescindible que todo proxecto necesita para revitalizarse, para adaptarse ás novas circunstancias e acadar novos bríos". O Grupo Municipal Socialista en Ourense describe esta proposta coma un equipo con prestixio social para gobernar, e con perfiles concretos en diferentes sectores. A candidatura acolle a un grupo de mulleres e homes **socialmente representativo e comprometido** co proxecto político iniciado polos socialistas ourensanos fai catro anos.

Francisco Rodríguez falou "dun equipo politicamente capaz e tecnicamente solvente para afrontar



Francisco Rodríguez e os 13 integrantes da súa candidatura

os grandes retos que esperan a Ourense nos vindeiros anos, cun programa de cambio, dirixido por unha nova maioría social encabezada polo Partido Socialista". O Grupo Municipal Socialista en Ourense espera con este equipo de profesionais pór o punto e final a 12 anos de goberno da dereita máis rancia e caciquil e, suporá un cambio de progreso. Ourense debe aproveitar o impulso dos gobernos socialistas de Galicia e de España, para crecer dende a colaboración institucional e non dende o enfrontamento.

Un equipo que conta con **profesionais altamente cualificados** en materia de **urbanismo e infraestruturas**, en **medio ambiente e sostibilidade ambiental**, en **política social**, en materia de **educación**, ou en **xestión económica** na administración pública, cuestión que o Partido Socialista convertirá nunha liña de actuación prioritaria encamiñada a **recuperar a transparencia na xestión municipal**, así como a **garantir a limpeza, equidade, obxetividade e eficiencia da xestión económica e orzamentaria do Concello**.

**ANA GARRIDO**

- ❑ Licenciada en Filosofía e Letras e en Xeografía e Historia.
- ❑ Profesora no IES Eduardo Blanco Amor
- ❑ Máis de 30 anos de experiencia na docencia.

**AGUSTÍN FERNÁNDEZ**

- ❑ Licenciado en Ciencias Económicas.
- ❑ Xefe de Unidade Rexional de Inspección da Axencia Estatal da Administración Tributaria do Estado dende hai 24 anos.

**AUREA SOTO**

- ❑ Licenciada en Arquitectura e Concelleira de Urbanismo no Grupo Municipal Socialista
- ❑ Colabora con Emuvisa, empresa municipal de vivenda e solo do Concello de Santiago.

**DEMETRIO ESPINOSA**

- ❑ Enxeñeiro T. en Mecanización Agraria e Construcións Rurais, Técnico en Avaliación do Impacto Ambiental, Auditoría Ambiental e Recuperación de espazos degradados.
- ❑ Dirixe o Gabinete ACEA-Enxeñería.

**MARGA MARTÍN**

- ❑ Licenciada en Psicoloxía e Concelleira de Servizos Sociais no Grupo Municipal Socialista.
- ❑ Psicóloga do Gabinete de Orientación Familiar da Vicepresidencia da Xunta.

**ANTONIO RODRÍGUEZ**

- ❑ Licenciado en Dereito e Funcionario do Corpo Nacional de Policía.
- ❑ Secretario de Organización do PSDeG-PSOE en Ourense e responsable do Comité de Campaña nas Municipais do ano 2003.

**MARÍA DEVESEA**

- ❑ Auxiliar de Enfermería dende fai máis de 25 anos, traballa no CHOU
- ❑ Delegada de Sanidade da UXT e vicesecretaria local do Grupo Municipal Socialista.

**MARÍA QUINTAS**

- ❑ Diplomada en Maxisterio e Concelleira de Cultura do Grupo Municipal Socialista.
- ❑ Profesora de Xeografía e Historia e Directora do Colexio Cardenal Cisneros.

**ALFONSO VILACHÁ**

- ❑ Diplomado en Maxisterio, especialista en Educación Física e Filoloxía Inglesa.
- ❑ Profesor no CEIP de Vistahermosa e Entrenador Nacional de Fútbol e Fútbol Sala.

**FRANCI STELLA ESTRADA**

- ❑ Doutora en Ciencias Biolóxicas.
- ❑ Investigación Científica sobre a Histoquímica do sistema nervioso e Escritora.

**ANTONIO BLANCO**

- ❑ Técnico Superior en Electromecánica.
- ❑ Profesor na antiga Universidade Laboral.
- ❑ Máis de 25 anos de experiencia na docencia.


**M^a TERESA TABOADA**

- ❑ Funcionaria de Carreira do corpo xeral da Administración do Estado dende 1992.
- ❑ Traballa na Delegación Provincial de Traballo no Servizo de Promoción de Emprego.

***Husión,
profesionalidade,
paridade, confianza,
compromiso, traballo,
transparencia, progreso
e FUTURO.***

**J. RAMÓN FERNÁNDEZ**

- ❑ Diplomado en Técnicas de Tributación e Dereito Tributario.
- ❑ Director administrativo e financeiro dunha importante empresa de construción ourensana.



OURENSE - BARRIO A BARRIO - A PONTE

Francisco Rodríguez avanza o Programa Socialista para o barrio de A Ponte

O proxecto inclúe a creación dunha Escola Infantil Municipal e Ludoteca, un Aparcadoiro Público e un Gran Boulevard

VIVENDA PÚBLICA

Dende o futuro Goberno de Ourense realizaremos a xestión municipal necesaria para desenvolver un **Plan de Vivenda Pública**, que deberá pór no mercado **500 vivendas de Protección Autonómica** neste barrio nun período de 4 anos.

REMODELACIÓN CAMPO DA FEIRA

- O Grupo Municipal Socialista realizará unha actuación cos seguintes obxectivos:
- Traslado do Matadoiro Municipal
 - Reordenamento do Parque de Bombeiros
 - Coordinación de novos equipamentos con criterios de recuperación ambiental, accesibilidade ó río e aparcadoiros.
 - Potenciación da zona como espazo destinado a festas e feiras.

OUTROS PROXECTOS

- ❖ Centro Administrativo Municipal da Ponte-Vinteún.
- ❖ Centro Cívico e Social da Ponte-Vinteún.
- ❖ Centro de Saúde no Vinteún, que completaría o xa existente na Ponte

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL E LUDOTECA



A primeira escola infantil da rede de garderías municipais será neste barrio

Os cativos ourensáns, o futuro da nosa cidade, precisan dos mellores coidados e instalacións para a súa socialización. Por iso, o candidato socialista á Alcaldía de Ourense aposta pola creación dunha rede municipal de garderías.

A Escola Infantil para A Ponte, que xa propuxo no Pleno o Grupo Municipal Socialista a través dunha **Moción**, estará situada **nunha casa de RENFE ó final da Avenida de Marín**. O centro contará aproximadamente con **600 m2** e acollerá e nen@s de entre **0 e 3 anos**, con **4 unidades, servizo comedor e un parque infantil exterior**.

UN APARCADOIRO



O centro neurálxico do barrio acollerá este proxecto

A Ponte convertiuse nos últimos anos nun importante núcleo urbán, e de xestión para os cidadáns do Distrito Norte. Son moitos os veciños que utilizan os servizos deste barrio. As ringleiras de coches en dobre fila, ou as dificultades para o aparcamento fan necesario pensar nun aparcadoiro, co obxectivo de desconxestionar a zona para unha mellor convivencia. O PSdeG-PSOE ten previsto construír neste barrio un **aparcadoiro soterrado, debaixo da Praza de Abastos e nos aledaños das rúas do Mercado, Xeneral Aranda e Avda. das Caldas**. Este aparcadoiro contará cunha superficie de 4.000 m2 en dúas prantas e acollerá un total de 200 prazas.

BOULEVARD DE A PONTE



Un túnel liberará ó barrio de A Ponte do tráfico

Francisco Rodríguez pretende embelecer este barrio, que é a porta natural de entrada á cidade, construíndo un gran boulevard comercial na Av. de Santiago. Para iso, pretende **desviar o tráfico a través dun túnel pola Av. de Santiago, a parte de arriba quedaría como un boulevard e zona comercial con soamente dous carrís de circulación para o casco urbán, irá acompañado de zonas verdes, paseos, con cafeterías, e zonas de espargimento**. Esta importante obra precisará dunha gran dotación orzamentaria, da axuda do Ministerio de Fomento e a Consellería de Política Territorial, e de dúas lexislaturas para o seu desenvolvemento